

# A HORA DA ESTRELA

Suzana Amaral, 1985

# 1398

ESTREA EN NUMAX: 01.11.2024 | V.O.S.E. | +12 | 97 min

Macabéa é unha moza orfa que se lanza ao mundo aos 19 anos. Analfabeta, inxenua e virxe, deixa o nordeste do Brasil para probar sorte en São Paulo. Alí afronta as súas primeiras experiencias profesionais, o primeiro amor e as predicións da vidente, unha colisión de mundos que sela o seu destino.



## Entrevista con Suzana Amaral: «Canto menos pense ou se emocione un actor ou actriz mellor para o filme»

Por *Álex Beigui*

**Por que escolleu levar á pantalla a Clarice Lispector?** Porque Clarice, porque João, porque Pedro, ou calquera outro. É o mesmo que se che pregunto por che gusta a túa namorada. Por que? Porque si [risas]. Eu tamén adaptei outros textos como "Mar morto", de Jorge Amado, "O caso Morel" de Rubens Fonseca, e ademais da Clarice a Autran Dourado ou João Gilberto Noll. Autores todos eles moi diferentes entre si.

**Como é o teu traballo cos actores e como foi dirixir a Marcelia Cartaxo n'A hora da estrela?** Eu mesma, como actriz, formeime seguindo a escola do Actor's Studio, e foi desde ese lugar que eu comecei a traballar con Marcelia. Pero, conforme a fun coñecendo e fun lendo sobre o tema entendín que ese non era o camiño. Comecei a ler sobre outras metodoloxías de interpretación e influenciáronme moito as teorías de Xavier Ismail, non sei se o coñece, que traballan cos actores desde principios novos: ningunha intelectualización psicolóxica, ningunha memoria afectiva. Todo aquilo que eran, e aínda son de certa maneira, os principios do Actor's Studio. E como todo é dialéctica eu contradígame constantemente. E grazas a deus que me contradigo. Porque para min é importante estar sempre a mudar e descubrir cousas novas e hoxe traballo desde a idea da "interpretación negativa". Non quero traballar desde a interiorización de conflitos, pensamentos, nin nada psicolóxico. Non. É o aquí e o agora, o aquí e o agora. Se tes que comer, comes. Porque quen constrúe o filme é o actor. Pero canto menos fai un actor mellor para o teu filme, cando o actor quere facer moitas cousas polo filme adoita estragalo.

Nese sentido, e en moitos outros, son minimalista, canto menos faga, pense ou se emocione un actor ou actriz, mellor para o filme. O actor ten que limitarse a facer o que ten que ser feito, o resto queda da miña man. O filme, a posta en escena, a montaxe, a iluminación, é cousa miña. O actor só ten que entender o seu personaxe.

**Vostede falou que o actor que ten que ter un tempo diferente. Como explica iso?** O tempo está, por exemplo, moi presente na personaxe de Macabéa n'A hora da estrela. Na época deste filme o meu traballo foi moi diferente pero se tivese que dirixila hoxe, mesmo seguindo as teorías de Ismail, creo que o resultado non había ser moi diferente. Ela simplemente facía o que tiña que facer. Ía cara ao espello e peiteábase. Non tiña que pensar en nada. Ela tiña que ser lenta, tiña que prestar atención. Porque no intre que vostede presta atención ao momento presente, que vostede se relaciona co aquí e o agora, vai facer as cousas con máis profundidade e iso refléxase nas actitudes, na forma de falar, na forma de representar. Todo isto crea outro tempo, outro ritmo. Non é a orde forzada de ir a modo. Se eu lle dixo "vai á xanela", ela ten que ir cara á xanela consciente de que está indo. Ten que estar concentrada en ir á xanela. Non é só seguir unha orde. Iso sería actuar de fóra para adentro e ten que ser de dentro para fóra. Pero non un "dentro para fóra" psicolóxico. Eu vou para a xanela pero presto atención a cada paso, un despois do outro. Simplemente presto atención ao que estou a facer. Sinto como actriz que teño a posibilidade do aquí e o agora. E é entón onde a miña intuición entra. Se cadra "intuición" non é o termo axeitado pero por xeralizar. O actor ten que ser Zen. Non estou a falar dunha afinidade co budismo. É o aquí e ao agora. Cando vostede come, vostede come. Cando vostede estuda, vostede estuda.



Na librería  
**NUMAX**  
numax.org/librería

*Clarice Lispector:*  
*intuicións ontolóxicas,*  
Rebeca Baceiredo.  
Euseino?, 2022

*La hora de la estrella,*  
Clarice Lispector.  
Siruela, 2024

*La pasión según G. H.,*  
Clarice Lispector.  
Siruela, 2024